

CONTRATO ADMINISTRATIVO DE "SERVICIO DE DESBROCE DE VÍAS EN LAS PARROQUIAS DE CARBALLO" (SER-07/2024)

En Carballo, documento asinado na data que figura ao marxe.

D. Evencio Ferrero Rodríguez con DNI núm. 76.321.421-S, Alcalde-Presidente do Concello de Carballo, en nome e representación do mesmo, en virtude das facultades que lle confire a Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local.

SERBERGAN, SL con CIF B10969814, representada por D. Miguel Ángel Couto Ferreiro, con DNI 47.384.567 J, con enderezo social en Coristanco, Lugar Ribela 5, con plena capacidade para contratar, e manifestando a subsistencia do cargo e non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidades e incapacidades que determinan as disposicións legais nesta materia.

D. Miguel Piñeiro Souto, con DNI núm.34.898.275-F, Secretario do Concello de Carballo, que da fe do acto, conforme ó preceptuado no art. 3.2.i) do RD 128/2018, do 16 de marzo.

Reúnense en calidade de administración contratante y contratista, respectivamente, para formalizar o presente contrato administrativo de servizos con referencia SER 07/2024 recoñecéndose mutuamente capacidade legal para obrigarse.

ANTECEDENTES.-

Primeiro.- Expediente.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (en adiante PCAP) para a adxudicación do contrato administrativo de "Servicio de desbroce de vías en las parroquias de Carballo" (SER 07/2024), aprobouse por Resolución de Alcaldía 1019/2024 do 16/04/2024, dispoñéndose a apertura do procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, tramitación ordinaria, suxeito a regulación harmonizada ao amparo do disposto no art. 22 b) da LCSP.

O obxecto do servizo é a realización de traballos de roza mecanizada e manual nos camiños no termo municipal do Concello de Carballo. Este servizo será obxecto tamén, dos traballos para a prevención e defensa contra incendios forestais, no marco do Convenio que o Concello de Carballo vén asinando nos últimos anos coa Consellería de Medio Rural, conforme ao prego de prescricións técnicas (en diante PPT).

Todo iso, conforme ás prescricións técnicas (PPT) redactadas polo D^a María de la Concepción García Calvo, letrada número 3156 do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, en abril de 2024 cun orzamento de licitación de 179.642,65 € e un valor estimado (dous anos de duración máis dúas prórrogas dun ano cada unha delas) de 296.930,00 €.

Segundo.- Proposta de adxudicación.

A Mesa de contratación en sesión que tivo lugar o 14/06/2024, formulou a proposta de adxudicación para o contrato de referencia SER.07/2024 a favor da mercantil SERBERGAN, SL con CIF B10969814 e domicilio social en Coristanco, Lugar Ribela 5, no seguinte prezo de adxudicación (porcentaxe de redución a aplicar aos prezos unitarios máximos):

BAIXA PORCENTUAL	19,15%
------------------	--------

Terceiro.- Garantía definitiva.

A garantía definitiva foi constituída polo licitador o 20/06/2024, mediante aval bancario núm. 690260, da entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA., por importe de 14.846,50 €. Xustificante de presentación co número 3779/2024 do 20/06/2024. Carta de pagamento núm. operación 302400001073 del 20/06/2024.

Cuarto.- Adxudicación.

Por Resolución de Alcaldía 2319/2024 do 08/08/2024, adxudicouse, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, tramitación ordinaria, suxeito a regulación harmonizada, o contrato administrativo de "Servicio de desbroce de vías en las parroquias de Carballo" (SER 07/2024). A parte dispositiva do acordo adoptado literalmente di:

"Contrato administrativo de "Servicio de desbroce de vías en las parroquias de Carballo" (SER 07/2024).

(...)

Segundo.- Adjudicación.

Adjudicar el contrato administrativo de servicios de "Servicio de desbroce de vías en las parroquias de Carballo" con referencia SER 07/2024, a SERBERGAN , SL con CIF B10969814 y domicilio social en Coristanco, Lugar Ribela 5.

El servicio adjudicado será ejecutado conforme a la oferta presentada por el adjudicatario el 15/05/2024, a través de PLACE, y, en todo caso, al cuadro de características particulares y al pliego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) y pliego de prescripciones técnicas (PPT) aprobados por Resolución de Alcaldía 1019/2024 del 16/04/2024.

Tercero.- Precio de adjudicación.

El precio de adjudicación, es el resultante de aplicar el siguiente porcentaje de redución a aplicar a los precios unitarios máximos (cláusula 6 PCAP):

Baja porcentual: 19,15 %

Además, el adjudicatario, conforme a lo establecido en su oferta, se compromete a realizar un suplemento de 30 km/año.

Cuarto.- Compromisos y obligaciones esenciales.

Los compromisos asumidos por el adjudicatario en el sobre o archivo electrónico "3" de su oferta, subtítulo "Oferta económica y propuesta del resto de criterios evaluables con una fórmula aritmética" (presentado a través de PLACE el 15/05/2024), se integrarán en el contrato y tendrán el carácter de obligaciones esenciales a los efectos previstos en los artículos 192 a 194 y 209 LCSP.

El incumplimiento de las obligaciones esenciales del contrato tendrá los efectos señalados en los arts. 211.1.f, 212 y 213.6 de la Ley 9/2017 (LCSP).

Quinto.- Seguro de Responsabilidad Civil.

El adjudicatario, de acuerdo con la cláusulas 28.9 del PCAP, deberá concertar y acreditar que dispone de un seguro de responsabilidad civil que cubra todas sus posibles responsabilidades ante la Administración derivadas de la ejecución del contrato en los términos indicados en la citadas cláusulas.

El contratista presentó el 18/07/2024 a través de la Registro electrónico del Ayuntamiento de Carballo (RE 202499900004110) la póliza de seguro nº 8-10.737.704 H de la entidad OCCIDENT GCO, SA. El contratista deberá mantener vigente la póliza durante la ejecución del contrato y plazo de garantía (cláusula 28.9 PCAP).

Esta obligación tendrá el carácter de condición especial de ejecución, y su incumplimiento se considerará incumplimiento de obligación esencial y causa de resolución del contrato en los términos señalados en los art. 201, 202 y 2011 de la LCSP.

Sexto.- Deber de confidencialidad y protección de datos.

El adjudicatario deberá respetar el carácter confidencial de aquella información a la que tenga acceso con ocasión de la ejecución del contrato según establece la cláusula 28 del PCAP.

El adjudicatario, en la realización de los trabajos contratados, adecuará sus actuaciones a la normativa vigente sobre Protección de Datos de Carácter Personal y a lo establecido en la cláusula 28 del PCAP.

Séptimo.- Disposición del gasto.

Disponer el gasto con cargo a la aplicación presupuestaria 1360.21000 "Tratamientos preventivos extinción incendios", del presupuesto vigente.

La financiación del contrato se realiza como con cargo a los Presupuestos de 2024 a 2026, en su caso 2027 y 2028, en la aplicación presupuestaria correspondiente para atender las obligaciones derivadas del contrato durante su vigencia.

El Ayuntamiento se compromete, en caso de prórroga, a consignar crédito suficiente para los ejercicios 2027 a 2028. (Art. 117.2 de LCSP.)

Octavo.- Revisión de precios.

El precio de contratación de los servicios comprendidos en este contrato no podrá ser objeto de revisión en ningún caso y por lo tanto no se aplicará fórmula ninguna de revisión al no existir índice o método de cálculo que refleje la evolución de los costes que

inciden en el objeto de la prestación. Por lo tanto el precio del contrato no sufrirá variación ninguna a lo largo de su vigencia, ni siquiera en caso de que por virtud de disposiciones laborales se modificaran los periódicos, cuotas de la Seguridad Social, o cualquiera otra remuneración del personal que se emplee.

Noveno.- Plazo de ejecución del contrato.

De acuerdo con lo señalado en el epígrafe 5 del CCC y cláusula 7 del PCAP el plazo máximo total de prestación del servicio es de dos (2) años, contados a partir del día siguiente a la formalización del contrato en documento administrativo, prorrogable, por mutuo acuerdo de las partes, antes de su finalización, por dos (2) años más, mediante prórrogas anuales.

Décimo.- Formalización del contrato.

Notificar al contratista para que, de acuerdo con el art. 153 de la LCSP, transcurridos los quince (15) días hábiles desde que se remita la notificación de la adjudicación a los licitadores, formalice el contrato correspondiente."

Sobre estos antecedentes ambas partes outorgan este contrato administrativo de servizos con referencia SER 07-2024, con arreglo ás cláusulas seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto.

A mercantil Serbergan, SL, con CIF B10969814 , representada por D. Miguel Ángel Couto Ferreiro, con DNI 47.384.567 J, con enderezo social en Coristanco, Lugar Ribela 5, comprométese a realizar os traballos dos "Servicio de desbroce de vías en las parroquias de Carballo", nos termos que se establecen no presente contrato, con arranxo á súa oferta económica presentada a través de PLACE o 15/05/2024, que ten carácter contractual e vinculante para as partes, así como ó resto de documentos contractuais sinalados na cláusula 2.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

Da seguinte documentación, citada no antecedente primeiro, achégase un exemplar a este contrato como **Anexo I**.

- Prego de cláusulas administrativas particulares.
- Prego de prescripcións técnicas.

Segunda.- Execución do servizo.

O servizo adxudicado executarase conforme á oferta presentada polo adxudicatario a través de PLACE o 15/05/2024, e, en todo caso, ao prego de prescripcións técnicas (PPT) e ao prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), aprobados por Resolución de Alcaldía 1019/2024 del 16/04/2024.

Terceira.- Prezo de adxudicación.

O prezo de adxudicación é o resultante de aplicar a seguinte porcentaxe de redución a aplicar ós prezos unitarios máximos (cláusula 6 PCAP):

Baixa porcentual	19,15 %
------------------	---------

Ademáis, o adxudicatario, conforme ó establecido na súa oferta, comprométese a realizar un suplemento de 30 km/ano.

Da oferta económica presentada polo contratista adxudicatario, únese copia a este contrato como **Anexo II**, no exemplar que queda en poder do Concello de Carballo.

Cuarta.- Revisión de prezos.

O prezo de contratación dos servizos comprendidos neste contrato, non poderá ser obxecto de revisión en ningún caso e polo tanto non se aplicará ningunha fórmula de revisión ao non existir índice ou método de cálculo que reflecta a evolución dos custos que inciden no obxecto da prestación. Polo tanto, o prezo do contrato non sufrirá ningunha variación durante a súa vixencia, nin sequera no caso de que, por virtude de disposicións laborais se modificaran os períodos, cotas da Seguridade Social, ou calquera outra remuneración do persoal que se empregue.

Quinta.- Prazo de execución.

O prazo de prestación dos servizos será de **dous (2) anos**, contados a partir do día seguinte á formalización do contrato en documento administrativo, prorrogable, por mutuo acordo das partes, antes da súa finalización, por dous (2) anos máis, mediante prórrogas anuais.

Sexta.- Obrigas esenciais.

De acordo co sinalado no prego, os compromisos ofertados polo adxudicatario na súa oferta, presentada dentro do sobre 3 denominado "oferta económica e proposta do resto de criterios evaluables cunha fórmula aritmética" o 15/05/2024, terán o carácter de obrigas esenciais do contrato para os efectos previstos nos artigos 192 a 194 e 209 da LCSP.

O incumprimento das obrigas esenciais do contrato terá os efectos sinalados nos arts. 211.1.f, 212.7 e 213.6da Ley 9/2017 (LCSP).

Sétima.- Condicións especiais de execución.

O adxudicatario deberá cumprir coas condicións especiais de execución de carácter laboral, social e medioambiental, establecidas na cláusula 24.6 e 30.4 do prego.

No caso de incumprimento das condicións especiais de execución, imporanse ao contratista as penalidades establecidas na cláusula 25.3 do PCAP. O incumprimento das condicións especiais de execución poderá ser considerado como infracción grave aos efectos establecidos na letra c) do apartado 2 do art. 71 LCSP.

Oitava.- Garantía Definitiva.

Para responder do exacto cumprimento das obrigas contraídas neste contrato e no PCAP, o adxudicatario constitúe a favor deste Concello unha fianza por importe de catorce mil oitocentos corenta e seis euros con cincuenta céntimos (14.846,50 €), segundo se acredita mediante copia do documento unido a este contrato como **Anexo III**, no exemplar que queda en poder do Concello de Carballo.

Novena.- Actuacións durante o prazo de garantía.

As actuacións durante o prazo de garantía son as recollidas na cláusula 33 do PCAP, tendo unha duración de doce (12) meses a contar desde a data de finalización do contrato, transcorrido o cal, quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Este prazo computarase desde o día seguinte á recepción de conformidade da última das prestacións que o adxudicatario teña que executar.

Décimo.- Seguro de Responsabilidade Civil.

O contratista adxudicatario presentou, a través do Rexistro electrónico do Concello de Carballo, (RE 202499900004110) en data 18/07/2024, póliza de seguro de responsabilidade civil núm. 8-10.737.704 H da entidade Occident GCO, SA. O contratista deberá manter vixente a póliza durante a execución do contrato e prazo de garantía (cláusula 28.9 do PCAP).

Esta obriga terá o carácter de condición especial de execución, e o seu incumprimento considerarase incumprimento de obriga esencial e causa de resolución do contrato nos termos sinalados nos artigos 201, 202 e 211 da LCSP.

Da póliza de seguro presentada polo licitador, únese copia a este contrato como **Anexo IV**, no exemplar que queda en poder do Concello de Carballo.

O contratista adxudicatario deberá manter, durante a vixencia do contrato, este Seguro de Responsabilidade Civil ou un de idénticas ou mellores características. No caso de cambio da póliza do seguro de responsabilidade civil profesional durante a duración deste contrato de servizos, o contratista adxudicatario deberá comunicarllo por escrito a esta administración contratante acompañando copia da devandita póliza, e, no seu caso, recibo de pago da mesma.

Décimo primeira.- Deber de confidencialidade e protección de datos.

O adxudicatario, na realización dos traballos contratados, adecuará as súas actuacións á normativa vixente sobre Protección de Datos de Carácter Persoal e ó establecido na cláusula 27 do PCAP.

Esta obriga ten o carácter de obriga esencial de conformidade co disposto no artigo 211.1.f da LCSP, e o seu incumprimento terá os efectos previstos na Lei 9/2017 (LCSP).

Décimo cuarta.- Réxime xurídico e xurisdición.

Ambas partes sométense, no non expresamente regulado no contrato e no PCAP, á normativa sinalada na cláusula 2 do mesmo, e en concreto á Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, á Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, ó Real Decreto Lexislativo 781/1986 Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e as restantes normas de dereito administrativo.

De acordo co sinalado na cláusula 3 do PCAP a resolución das cuestións ou diverxencias que se susciten en relación co contrato, serán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, despois da interposición, no seu caso, do recurso especial en materia de contratación, previsto no art. 44 e ss da LCSP, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados consideren procedente.

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/C004/000002

Para a debida constancia de todo o convindo asíñase este contrato, no lugar e data sinalados, ante o Secretario da Corporación, que da fe do acto.

O ALCALDE

Asdo.: Evencio Ferrero Rodríguez

O ADXUDICATARIO

Asdo.: Miguel Ángel Couto Ferreiro
Serbergan, SL

O SECRETARIO

Asdo.: Miguel Piñeiro Souto

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/C004/000002

ANEXO.- INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), o presente contrato queda sometido á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD) e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas física (RGPD) no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación dos mesmos.